

1ª Edición: Outubro 2010

Acr asesores s. coop. galega  
C/ Urzáiz, 62 - Entlo. Izda.  
36204 Vigo  
Tfno. 986128580/90 - Fax 986128570  
[www.acrconsultores.com](http://www.acrconsultores.com)

© Texto: José Antonio Pérez González  
© Ilustracións: Francisco Ameixeiras Sánchez  
© Desta edición: Barafunda Editorial  
Impresión: C.A. Gráfica  
Dep. leg.: Vg 1006-2010

Obra cofinaciada pola Consellería de Traballo e Benestar



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

Reservados todos los derechos. No se permite la reproducción total o parcial de este libro  
ni su incorporación a un sistema informático, ni su transmisión en cualquier forma o por  
cualquier medio sin la preceptiva autorización.

# Toniño e o tío Vicente

José Antonio Pérez González



**barafunda**  
editorial

## PRÓLOGO

A primeira vez que lin este conto, que agora tes nas túas mans, conseguín trasladarme a esa época tan marabillosa que todos pasamos na nosa vida, e que, aínda que afastada no tempo, marca moi significativamente o resto da nosa existencia, ademais de permanecer, co transcurso dos anos, sempre presente na nosa mente: a infancia.

Nese período da nosa historia pasamos por distintas etapas claramente diferenciadas, aínda que todas elas teñen un común denominador que é a inquietude por aprender de todo o que nos rodea. O que facemos sentímolo no noso interior intensamente, así por exemplo, pensamos que as nosas amizades o serán para toda a vida, cremos que o noso pai e a nosa nai poderán axudarnos a superar tódalas dificultades que se nos presenten, gozamos con tódalas cousas que facemos, ... en definitiva, vivimos cada minuto do día con enorme paixón, froito do amor co que facemos as cousas.

Para as nais e os pais que gocedes da lectura de esta historia cos vosos fillos e fillas, desexo que vos suceda o que a min me ocorreu: que a súa lectura vos faga volver ao pasado e revivir esos momentos tan inesquecibles da infancia, sentindo e disfrutando novamente da tenrura da nenez.

M<sup>a</sup> Rosa López Balsera

Aos meus socios na cooperativa da vida: Rosa e Diego, así como as miñas compañeiras María e Marta.

José Antonio Pérez González



**F**ai unha morea de anos, cando eu era un cativo, gustábarme escoitalas historias que me contaba meu tío Vicente. Meu tío, era unha rara mezcla de labrego, gandeiro e carteiro. A miñ encantábame con el e co gando para o monte e ver pacer á vaca pinta, á rubia, ás vellas e á burra Catalina.

Meu tío púñalle nome a tódolos animais e acotío mantiña longas charlas con eles, se ben é certo que non empregaba a mesma linguaxe, traducía tanto os muxidos das vacas coma os orneos da burra, ou mesmo os ladridos do can. A todas luces, meu tío era un consumado políglota animal.

Outra das singularidades do meu tío era que nunca lle vin bater un animal como facían outros veciños, o máis que soía facer era sultalos, por exemplo á vaca pinta decíalle ás veces Lercha e á burra Chamáballe Rosmona.

Tamén tiña un can, que de certo non miraba máis aló dos seus veciños. Miña curmá Rosa, a filla do meu tío Vicente, bautizouno cun nome moi anglosaxón chamándolle Joe. Máis que un can semellaba un oraxido do lonxano oeste con aquel nome.



A miopía de Joe tróuxolle non poucos problemas ao pobre can, costáballe moito coñecer a distancia de seguridade que debía de haber entre el e outros animais coma a burra Catalina, e ás veces este feito costáballe unha couce nas costelas ou na testa. Agora lembro un verán no que os meus pais deixáronme na casa do meu tío Vicente durante uns días. Durante esos días, eu, Toniño, un rapaz de cidade, fun un neno de aldea ...

